



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO 2021.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerase, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2021:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Excepcional	Cumio infraestruturas chave para Lugo	2410.48911	10.000,00 €	Presidencia
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Excepcional	CEL-Superación 2021	4330.48900	89.000,00 €	Xunta de Gobierno
Asoc. de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo	G02967834	Excepcional	I Feira L de Lugo	2410.48911	15.000,00 €	Xunta de Gobierno
Asoc. Prov. Ganaderos de Lugo Control Rendimientos (AFRICOR-LUGO)	G27155688	Excepcional	Xornadas técnicas de vacún de leite	4330.48900	3.000,00 €	Presidencia
Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo	G27161496	Excepcional	EQUIGAL, Salón internacional do cabalo de Galicia 2021	4311.48903	40.000,00 €	Xunta de Gobierno
Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo	G27190602	Excepcional	Merca no comercio local. Merca na provincia de Lugo	4330.48900	50.000,00 €	Xunta de Gobierno
Fundación Agroalimentaria Galega	G42911156	Excepcional	Faga Inico 2021	2410.48911	16.300,00 €	Xunta de Gobierno
Ilustre Colegio de Abogados de Lugo	Q27630021	Excepcional	Formación continua de la abogacía	2410.48911 /2410.789	12.000,00 €	Presidencia

Área de Formación, Ensino e Economía do coñecemento

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	Q1518001A	Excepcional	Actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas ano 2021	4630.48911	9.500,00 €	Presidencia
IES Francisco Daviña Rey	Q7755179D	Excepcional	Obradoiro de Promoción da Saúde Bucodental e Actuación ante as Urxencias no Gabinete Dental	3240.48900	3.000,00 €	Presidencia
Academia De Ciencias Veterinarias de Galicia	Q1500303A	Nominativa	Actividades da Fundación	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia

Lugo, 20 de xaneiro de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0098

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio***Información pública**

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 24 de xaneiro de 2022 os seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre de 2020:

◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.

◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 22 de febreiro ata o 22 de abril de 2022, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 25 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ.

R. 0120

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 18/01/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 6º bimestre do exercicio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada 19 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0099

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2022

Quedando definitivamente aprobados o límite de gasto non financeiro, o orzamento xeral e o cadro de persoal para o exercicio 2022 en sesión do Pleno celebrada o 30 de decembro de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público:

PRIMEIRO.- Que os estados que integran o orzamento xeral, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos, ascenden aos importes que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
1	GASTOS DE PERSONAL	1.027.904,59	26,930
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.891.050,39	57,519
3	GASTOS FINANCIEROS	14.918,04	0,986
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	144.237,95	4,093
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.078.110,97	89,528
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	INVERSIONES REALES	158.835,81	10,318
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	0,154
9	PASIVOS FINANCIEROS	196.085,88	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		359.921,69	10,472
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.438.032,66	100,000
ESTADO DE INGRESOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.005.573,36	45,264
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	35.000,00	1,106
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	429.531,72	9,120
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	1.897.724,10	44,068

5	INGRESOS PATRIMONIALES	4.367,67	0,311
		3.372.196,85	99,868
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,000
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	60.835,81	0,000
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	0,132
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	65.835,81	0,132
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	3.438.032,66	100,00

SEGUNDO.- Que o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de Cospeito para o exercicio 2022 ascende a 4.529.365,18 €.

TERCEIRO.- Que o cadro de persoal comprensivo dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral é o seguinte:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA			
	Grupo	Nº de	
Denominación da praza	Subgrupo	prazas	Observacións
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:			
Secretario	A1	1	Comisión de servizo
Interventor	A1	1	Comisión de servizo
Tesoureiro	A1	1	Cuberto polo titular
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:			
a) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	1	Cuberta polo titular
b) Subescala Auxiliar			
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Situación de servizos especiais
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Cuberta polo titular
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Vacante
c) Subescala Subalterna			
Subalterno- conserxe Casa da Cultura	AP	1	Interinidade
Subalterno de administración xeral	AP	1	Interinidade
3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
Subescala de Servizos Especiais:			
-Clase: Persoal de Oficios:			
Operario de servizos	AP	1	Vacante
Axudante de servizos	AP	1	Vacante
Arquitecto	A1	1	Interinidade

B) PERSOAL LABORAL			
Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Observacións
1.FOMENTO DO EMPREGO			
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Fixo	Interinidade
2. PROMOCIÓN DA CULTURA			
Limpadora Casa da Cultura	1	Temporal	Vacante
Animadora sociocultural	1	Temporal	
3. HOSPITAIS, SERVIZOS ASISTENCIAIS E C. DE SAÚDE			
Conserxe de edificios municipais	1	Fixo	Vacante
4. ENSINANZA			
Limpadoras centros de ensino	2	Fixo	Cubertas polos titulares
5. URBANISMO			
Oficiais de 1ª	1	Fixo	Cuberta polo titular
Oficiais de 1ª	1	Temporais	
Oficiais de 1ª	2	Temporais	Vacante
6.RECOLLIDA, ELIMINACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS			
Oficial de 1ª	1	Fixo	Cuberta polo titular
7. ESTRADAS			
Oficial de 1ª	4	Temporais	
Peón	2	Temporais	

Total funcionarios de carreira	12
Total persoal laboral fixo	6
Total persoal laboral temporal	10
Total postos de traballo 2021	28

Contra este acordo que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar o día seguinte á publicación do presente anuncio, tal e como dispón o artigo 4.2 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O Orzamento entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo o desposto no artigo 20 do RD 500/1990 e artigo 169.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Cospeito, 25 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 0144

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2022, por acordo adoptado en sesión Ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte e un, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito Orzamento ascende, no seu Estado de Gastos a **tres millóns oitocentos oitenta e cinco mil cento oitenta e nove euros con cincuenta e nove céntimos de euro (3.885.189,59 €)** e no seu Estado de Ingresos, a contía é de **tres millóns novecentos mil euros (3.900.000,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.267.960,44.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.658.085,05.-
3	Gastos financeiros.....	5.700,00.-
4	Transferencias correntes.....	135.136,00.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00.-
6	Investimentos reais.....	771.308,10.-
7	Transferencias de capital.....	47.000,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
A) SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		3.885.189,59.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	950.072,41.-
2	Impostos indirectos.....	97.566,85.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	400.961,34.-
4	Transferencias correntes.....	1.945.446,42.-
5	Ingresos patrimoniais.....	2.525,00.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	900,00.-
7	Transferencias de capital.....	502.527,98.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		3.900.000,00.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, reservados ao persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do Orzamento no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que de seguido se transcribe. Indicar que en relación co persoal, no que respecta á Tesourería, estarase ao indicado na memoria da Alcaldía, os informes emitidos e a Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 22 de marzo de 2017. No caso da relación de postos de traballo, visto o disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2005, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a súa exposición pública remata o día 31 de xaneiro de 2022, se non se formulan reclamacións antes da indicada data, considerárase definitivamente aprobada a relación de postos de traballo que figura neste Edicto.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2022:**A) .- FUNCIONARIOS:**

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	1.943,71	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO	1	26	1.586,49	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	743,72	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	742,87	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
VIXILANTE MUNICIPAL	1	14	529,41	S	V	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso-Oposición; V=Vacante.

B) PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	B) OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL A2.- NCD 18.- C.E.M. 144,92 €	1	TRABALLO SOCIAL	SERVIZOS SOCIAIS
AXENTE DE EMPREGO E D. LOCAL A2.- NCD 20.- C.E.M. 798,20€	1	DIPLOMADO	
ENCARGADA DO P.A.I.	1		VACANTE
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		VACANTE
PEÓN	2	E. PRIMARIOS	
ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS DE MANTEMENTO	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGADA DA BIBLIOTECA E SECRETARIA DO XULGADO	1	B. SUPERIOR	
OFICIAL DE SEGUNDA	1	E. PRIMARIOS	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	
OFICIAL 1ª, ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ESCO. OU E.S.O.	VACANTE (PROMO. INTERNA)
OFICIAL 1ª, DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ESCO. OU E.S.O.	VACANTE (PROMO. INTERNA)

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2022:**1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO):**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Persoal convenio motomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do programa denominado Depuemprego	7	Xornada parcial 75% (6 meses)
Persoal do P.A.I.	2	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención temperá.- Terapeuta ocupacional	1	Media xornada
Atención temperá.- Psicóloga	1	Xornada completa
Atención temperá.- Enfermeira	1	Xornada completa
Atención temperá.- Logopeda	1	Xornada completa
GES.- Grupo de emerxencia supramunicipal.- Peóns	12	Xornada completa
Aprol Rural.- Peón	1	Xornada complete (9 meses)

CADRO DE PERSOAL ANO 2022:**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

POSTO DE TRABALLO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario – Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio – (Tesoureiro) * Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Vixilante Municipal Administración Especial	C2	Vacante

(*) En relación coa Tesourería, estarase ao indicado no expediente do Orzamento.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	DE	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1		Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1		Xornada completa
Encargada do P.A.I.	1		Vacante
Persoal de apoio do P.A.I.	1		Vacante
Peón	2		Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mante.	1		Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1		Xornada completa
Oficial de 2ª	1		Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1		Xornada completa
Oficial 1ª, encargado de obras e ser. múlti.	1		Vacante (promoción interna)
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1		Vacante (promoción interna)

3.- PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

4.- ALTOS CARGOS:

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE POSTOS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleira Delegada da Alcaldía, de Cultura e de Turismo	1	Dedicación parcial

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 25 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 0143

GUNTÍN*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2022**

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2022, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2021, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos á contía de 2.286.833,30€, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.041.838,85	Cap. 1.- Impostos Directos	700.420,80
Cap .2.- Gastos en bens correntes e servizos	807.008,73	Cap. 2.- Impostos Indirectos	34.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	0,00	Cap. 3.- Taxas e Outros Ingresos	162.051,35
Cap. 4.- transferencias correntes	112.854,73	Cap. 4.- Transferencias correntes	1.270.696,55
Cap. 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	0,00

Cap. 6.- Inversións reais	325.130,99	Cap. 6.- Alleamento de Inversións Reais	0,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00	Cap.7.- Transferencias de capital	119.664,60
Cap. 8.- Activos Financeiros	0,00	Cap.8.- Activos Financeiros	0,00
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00	Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.286.833,30	TOTAL INGRESOS	2.286.833,30

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA	GRUPO	NIVEL CD
01	Secretario-Interventor Agrup. Taboada	A1	28
01	Administrativo	C1	22
01	Administrativo (vacante)	C1	16
01	Administrativo Administración Especial (vacante)	C1	16
01	Alguacil-Portero	AP	14
01	Operario Administración Especial (vacante)	AP	14
01	Conserxe	AP	14
01	Arquitecto 50% xornada agrupación outra/sadministracións (nova creación)	A1	24

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Operario de Servizos Múltiples, asimilado AP
01	Peón de obras
01	Peón de Servizos Múltiples, asimilado AP (Vacante)
01	Limpador edificios, asimilado AP (Desempeñado por Laboral Temporal) (*)
01	Administrativo
01	Informador Xuvenil
01	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
01	Traballador social
01	Encargado/a Punto de Atención á Infancia (P.A.I), Técnico Medio (Cuberto por interinidade) (*)
01	Persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia (P.A.I) (Cuberto por interinidade) (*)

(*) Consignación orzamentaria en Persoal Laboral Temporal.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
19	Auxiliares de Axuda a Domicilio
01	Técnico de Explotacións Agrícolas
02	Socorristas Piscinas
08	Brigadas de incendios e desbroces (de existir subvención)

Guntín, 20 de xaneiro de 2022.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0100

LUGO*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 46/2022 de 5 de xaneiro, aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de decembro de 2021, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 17 de xaneiro de 2021 ata o día 17 de febreiro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de xaneiro 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 0101

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 78/2022 do 7 de xaneiro de 2022 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondentes ao cuarto trimestre de 2021, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 17 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2021 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de xaneiro de 2021.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 0108

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE DECEMBRO DE 2021

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de xaneiro de 2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2021 polo importe total de 5.630,44€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 20 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0102

Anuncio

Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo. 2º Semestre 202

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 19 de xaneiro de 2022 o Padrón da **Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, correspondente ó 2º Semestre 2021**, ponse en coñecemento dos contribuíntes incluídos no mesmo que de conformidade co disposto no artigo 99.8 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia, a efecto de exame e reclamacións.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente. Contra a resolución expresa ou presunta do eventual recurso de reposición que no seu caso se formule poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora de dita xurisdicción.

O presente anuncio de aprobación dos Padróns ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no art. 24 do Regulamento xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo e 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, dende o 1 de marzo de 2022 ata o 30 de abril de 2022

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlle cargados nas contas bancarias o día 23 de marzo de 2022.

O resto dos contribuíntes poderán efectua-lo ingreso nas Oficinas Municipais, baixo advertencia de que transcurrido o prazo en período voluntario devengarase o recargo de apremio correspondente.

O Valadouro 20 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0103

VILALBA

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN TEMPORAL DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE VILALBA (LUGO) VINCULADAS Ó PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN DA EXCMA. DIPUTACIÓN

DE LUGO COS CONCELLOS, "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2021" CUN FINANCIAMENTO TOTAL DO PROGRAMA DE 176.809,26 € euros. Expte 3234/2021**1.- OBTENTO.**

1.1. É obxecto das presentes bases a cobertura, mediante contrato laboral por período comprendido desde a resolución do presente proceso e alta do traballador ata o 31/10/2021 **cunha xornada a tempo completo** dunha praza de **administrativo** adscrito ós departamentos de Secretaria e Intervención municipal co límite temporal de 31/10/2022.

1.2. O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición libre.

1.3. Ó presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido de Estatuto dos traballadores; a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programa mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; Texto Refundido da Lei de Igualdade das mulleres de Galicia, Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, polo establecido non Plan Unico de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo ó amparo do programa de fomento do emprego 2021 e as bases da presente convocatoria.

2.- REQUISITOS.

2.1. Para ser admitidos no proceso selectivo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non acharse en inhabilitación absoluta o especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional dotro Estado, non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/á sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos términos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión de Técnico Superior en Administración e Finanzas, Técnico Superior en Secretariado, ou titulación equivalente similar; ou bachillerato.
- **Estar en situación de desemprego.** Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado, ou documento da Oficina Pública de Emprego onde conste tal circunstancia. Igualmente os candidatos poden provir de situación de mellora de emprego. Acreditarase mediante documento da Oficina Pública de Emprego onde conste tal circunstancia (mellora de emprego).

2.2. Os requisitos establecidos nestas bases deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a formalización do contrato laboral.

3.- INSTANCIAS.

3.1. As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse a Sra. Alcaldesa-Presidenta e nelas cada aspirante deberá manifestar que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3.2. As solicitudes presentaranse no prazo de **cinco días naturais** contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria na sede electrónica do Excmo. Concello de Vilalba (tablón de anuncios e portal de transparencia) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeneral do Excmo. Concello de Vilalba, en días laborais e en horario de oficina, o ben en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3. Os solicitantes deberán unir á instancia a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I.
- Copia do título académico requirido.
- Copia dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso.
- CELGA 4 o equivalente. De non aportarse deberá realizarse unha proba na Fase II da oposición.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello. vilalba.sedelectronica.es

4.2. No prazo de 3 días naturais de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, poderán corrixir os defectos que se aluden no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación o reclamación no indicado prazo, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

4.3. Si non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerase esta definitiva.

4.4. No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello (vilalba.sedelectronica.es)

5.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.

5.1. A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición libre. Constará, xa que logo, de dúas fases. A fase de concurso valerá un 33,33% (1/3), a de oposición o 66,66% (2/3).

5.2. FASE DE CONCURSO. Máximo 10 Puntos.

5.2.1. A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

5.2.2. O Tribunal reunirase con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar os méritos da fase de concurso. A resolución resultante desta valoración ha de conter para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de concurso e ha de publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación.

5.2.3. Os méritos a valorar serán os seguintes:

a) Experiencia profesional. Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

a.1. Por servizos prestados na Administración Local como administrativo e/ou técnico de xestión ou técnico de administración xeral en réxime de funcionario ou persal laboral: 0,10 puntos por mes completo de servizos.

a.2. Por servizos prestados na Administración Local como auxiliar administrativo, en réxime de persoal funcionario ou laboral : 0,05 puntos por mes completo de servizos.

a.3. Por servizos prestados noutras Administracións Públicas como administrativo e/ou técnico de xestión ou técnico de administración xeral en réxime de funcionario ou persal laboral: 0,08 puntos por mes completo de servizos.

a.4. Por servizos prestados noutras Administracións Públicas como auxiliar administrativo en réxime de funcionario ou persal laboral: 0,025 puntos por mes completo de servizos.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo Organismo oficial no que se prestaron os servizos co detalle dos mesmos e as datas de inicio e fin da relación funcional e/ou laboral ou fotocopia compulsada da resolución de nomeamento, acta de toma de posesión ou contrato de traballo aos que se acompañará sempre **informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este último requisito non poderá ser subsanado.** Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes logo da suma de todo o período de traballo valorado en cada un dos apartados e os meses consideraranse de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

5.3. FASE DE OPOSICIÓN. Máximo 20 puntos

5.3.1. A fase de oposición consistirá na realización dunhas probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

5.3.2. O programa que ha de rexer estas probas selectivas é o que figura publicado como Anexo I.

5.3.3. A data e lugar na que se celebrará a proba anunciarase no Taboleiro de Edictos e na páxina Web do Concello.

5.3.4. Os aspirantes serán convocados en chamamento único (empezando pola letra cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo, a estos efectos, á ordenación alfabética resultante do listado de aspirantes admitidos.

No suposto de que non exista ningún aspirante cuio primeiro apelido comece pola letra «V», o orde de actuación iniciárase por aqueles que o primeiro apelido comece pola letra «W», e así sucesivamente, segundo Resolución de 23 de junio de 2021, de la Secretaría de Estado de Política Territorial y Función Pública, por la que se publica el resultado del sorteo a que se refiere el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. Os candidatos deberán acudir provistos do NIF, ou na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

5.3.5. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

5.3.6. **Fase I de Oposición:** Será de carácter obligatorio e eliminatorio, constará de tres apartados con unha puntuación máxima de 20 puntos, debendo os/as aspirantes obter unha puntuación mínima de 10 puntos nesta fase.

5.3.6.1. **Apartado 1:** Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 40 preguntas tipo test con tres respostas alternativas que só unha será a correcta (puntuará 0,25 as respostas correctas, e non penalizará as non contestadas e as contestadas incorrectamente penalizarán menos 0,05), referido ás materias comprendidas no Anexo desta convocatoria. Tempo: 50 minutos

Este exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos, e terase que acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar o proceso selectivo, e pasar a seguinte proba de selo caso.

5.3.7. **Fase II: Proba de coñecemento do idioma galego:**

Únicamente realizarase a aqueles aspirantes que obteñan a calificación de apto na fase I da oposición.

Consistirá nunha tradución dun texto de contido administrativo do castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obligatorio e eliminatorio, para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título CELGA 4 o equivalente.

Este exercicio será calificado de apto ou non apto.

Para esta proceso poderase nomear asesores especializados.

5.4. O aspirante que tendo superado a fase de oposición I, tivera obtido a cualificación total máis alta como resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición e a condición de apto na Fase II, será a persoa proposta para o seu nomeamento como persoal temporal.

O Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas

5.5 En caso de empate priorizarase a puntuación obtida na Fase I da oposición, e de persistir éste o empate resolverase por sorteo.

5.6 Os candidatos que superasen a Fase I de oposición e non cosigan a praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para futuras contratacións temporais dentro do mesmo programa de fomento do emprego 2021.

6.- TRIBUNAL CALIFICADOR.

6.1. O Tribunal Calificador estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- Un Presidente: Un/ha funcionario/a de carreira da corporación designado/a pola Alcaldesa con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Un Secretario: Un/ha funcionario/a de carreira da Deputación de Lugo ou de outros concellos da provincia de Lugo con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Tres Vocais: Funcionarios/as de carreira ou laborais pertencentes á Deputación de Lugo, ou a unha administración local con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

6.2. Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, ou persoal eventual e os representantes da Xunta ou Delegados de Persoal, conforme ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertencencia ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

6.3. O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións

determinarase na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vocal aos exclusivos efectos da súa retribución.

6.4. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Regimen Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no artigo 13 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusalos, cando concorran algunha de devanditas circunstancias.

6.5. O Tribunal só poderá actuar válidamente coa asistencia en todo caso do Presidente, dos Vocais e o Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións suscitadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. No entanto, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para iso.

6.6. As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder ao seu revisión conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e o artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

7. RELACIÓN DE APROBADOS.

Terminada a cualificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación de aprobados/as pola orde de puntuacións, non podendo pasar este o número de prazas convocadas e elevará dita resolución ao Presidente da Corporación para que formule o nomeamento pertinente.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1. O aspirante proposto aportará ante o Excmo. Concello de Vilalba, dentro do prazo de tres días naturais desde que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Fotocopia compulsada de D.N.I.
- Copia autentica ou fotocopia, que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, da titulación esixida.
- Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou normal exercicio da función a desempeñar, expedir por facultativo competente.
- Declaración xurada ou promesa de, non ser separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública nin acharse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

8.2. Quen tiver a condición de funcionario estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nombramento, debendo presentar certificación da Administración Pública de que dependen, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten no seu expediente persoal.

8.3. Quen dentro do prazo indicado e salvo os casos de forza maior non presentase a documentación ou da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incurrido por falsidade na súa instancia.

9. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN. CONTRATO LABORAL.

9.1. Concluído o proceso selectivo e aportados os documentos a que se refire a fase anterior, a Sra. Alcaldesa, de acordo coa proposta do Tribunal Calificador procederá a formalizar o contrato laboral temporal por un prazo de doce meses, iniciando a prestación laboral no prazo de 1 día hábil desde a formalización do contrato.

9.2. Quen sen causa xustificada non compareza para a formalización do contrato no prazo sinalado perderá todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

10. RETRIBUCIÓN:

As retribucións íntegras mesuais do administrativo serán conforme ó disposto no convenio do Concello de Vilalba para o grupo III, e actualizado de conforme á subida do 2,25% aprobada polo Real Decreto 24/2018 de 21/12/2018, e as actualizacións vixentes, sendo as seguintes retribucións:

Soldo: 766,94 €.

Complemento do posto: 793,49 €.

11. Impugnación

Contra a resolución de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos que se expresan a continuación:

De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar desde o seguinte día hábil á recepción da súa notificación, ante o mesmo órgano municipal que dictou o acto impugnado, conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de acordo co disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime conveniente.

ANEXO I.- TEMARIO.

	TEMARIO PARA A PRAZA DE ADMINISTRATIVO
	BLOQUE DE ADMINISTRATIVO LOCAL
Tema 1	O municipio: Concepto, elementos e competencias.
Tema 2	O término municipal. A Poboación. O empadramento.
Tema 3	Organización Municipal: Órganos necesarios e complementarios: Competencia e delegacións.
Tema 4	Potestade Reglamentaria das entidades locais: Ordenanzas e Reglamentos. Definición e clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
Tema 5	Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados
Tema 6	Bens das Entidades Locais: Clases e Réxime Xurídico. Inventario de bens
Tema 7	O persoal ao servizo das Entidades Locais: Concepto e Clases. Acceso.
	BLOQUE DE ADMINISTRATIVO
Tema 8	Principios da Potestade Sancionadora
Tema 9	Principios da Responsabilidade Patrimonial das Administracións Públicas.
Tema 10	Administrado: Concepto, Medios electrónicos e Rexistro.
Tema 11	A obrigação de resolver. Sentido do silencio.
Tema 12	Cómputo de Prazos e Tramitación de Urgencia.
Tema 13	Requisitos dos Actos administrativos.
Tema 14	Eficacia dos Actos Administrativos: A notificación.
Tema 15	Anulabilidade, Nulidade e Convalidación do Acto.
Tema 16	Recursos Administrativos: Concepto e Clases.
Tema 17	Estudo do Recurso de reposición: Potestativo e Obligatorio no ámbito local.
	BLOQUE CONTRATACIÓN PÚBLICA
Tema 18	Contratos do Sector Público: Réxime xurídico e delimitación. A administración contratante. Contratista: Capacidade, solvencia, prohibicións e clasificación.
Tema 19	Contratos do Sector Público: Actuacións previas á contratación. Procedementos e Criterios de adxudicación.
Tema 20	Contratos do Sector Público: Garantías, adxudicación e formalización do contrato.
Tema 21	Contratos do Sector Público: Execución e modificación dos contratos. Extinción do contrato.
Tema 22	Contratos do Sector Público: Perrogativas da Administración. A cesión dos contratos e a subcontratación.

Tema 23	Contratos Privados da Administración. Concepto e Principais características
Tema 24	Contrato de obra: Concepto e Principais características.
Tema 25	Contrato de Servizo: Concepto e Principais características
Tema 26	Contrato de Suministro: Concepto e Principais características.
Tema 27	Contrato de Concesión: Concepto e Principais características.
	BLOQUE FACENDAS LOCAIS
Tema 28	Recursos Locais: Definición e clasificación
Tema 29	Taxas e Ordenanzas Fiscais
Tema 30	Especial referencia ás fases de procedemento de xestión do gasto.
Tema 31	O orzamento local: Contido e estrutura. Principios.
Tema 32	Macromagnitudes: Liquidación do orzamento e Remanente
Tema 33	Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
	BLOQUE INFORMÁTICA
Tema 34	Informática básica: Conceptos fundamentais sobre o hardware e o software. Sistema de almacenamento de datos. Sistemas operativos. Nocións básicas de seguridade.
Tema 35	Introdución ao sistema operativo: A contorna Windows. Fundamentos. Traballo na contorna gráfico de windows: Fiestras, iconos, menús contextuales, cadros de dialogo. O escritorio e os seus elementos. O menú inicio.
Tema 36	Explorador de windows. Xestión de cartafóis e arquivos. Operacións de procura. O meu Pc. Accesorios. Ferramentas do sistema.
Tema 37	Procesadores de texto: Word ou o equivalente en Libre Office. Principais funcións e utilidades. Creación e estruturación do documento. Xestión, grabación, recuperación e impresión de ficheros.
Tema 38	Follas de cálculo: Excel ou o equivalente ao Libre Office. Principais funcións e utilidades. Libros, follas e celdas. Configuración. Introducción e edición de datos. Fórmulas e funcións. Gráficos. Xestión de datos.
Tema 39	Correo electrónico: Conceptos elementais e funcionamento. A contorna de traballo. Enviar, recibir, responder e reenviar mensaxes. Creación de mensaxes. Regras de mensaxe. Libreta de direccións.
Tema 40	A rede Internet: Orixe, evolución e estado actual. Conceptos elementais sobre protocolos e servizos de internet. Navegación. Favoritos, historial, procura. Os menus de Internet Explorer e as súas funcións.

Vilalba, 20 de xaneiro de 2022.- A secretaria, Ana María Rubiera Álvarez.

R. 0104

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio 2020 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 25 de xaneiro de 2022; exponse ao público nas oficinas da Intervención municipal por espazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vilalba, 25 de xaneiro de 2022.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0145

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS ECONÓMICAS PARA MEJORAR LA EFICIENCIA ENERGÉTICA EN LOS HOGARES DE PERSONAS EN SITUACIÓN DE RIESGO Y/O EXCLUSIÓN SOCIAL DURANTE EL AÑO 2022

BDNS (Identif.): 606531

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/606531>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán solicitar estas ayudas las personas residentes en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que los servicios sociales valoren que se encuentran en situación o riesgo de exclusión social que cumplan los requisitos de acceso establecidos en el punto 5º y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto

Prestaciones económicas no periódicas destinadas a paliar situaciones transitorias de necesidad social relacionadas con el pago de suministros básicos de energía eléctrica, gas, gasoil de calefacción y otras fuentes de energía de la vivienda, de las personas y/o familias que se encuentren en una situación de vulnerabilidad social que tengan su residencia en el ámbito municipal de Monforte de Lemos con la finalidad de asegurar el acceso continuado a estos suministros básicos promoviendo la mejora de la eficiencia energética y reforzando los procesos de inclusión social.

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de AXUDAS Las solicitudes de ayuda se cubrirán a través del formulario normalizado accesible desde la sede electrónica del Ayuntamiento, <https://sede.monfortedelemos.es> y se presentarán preferiblemente por vía electrónica.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 15.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto hasta el 23 de diciembre de 2022.

MONFORTE DE LEMOS, 18 DE ENERO DE 202.- ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0105